

© CEIP ESTEIRO - FERROL  
#CURSO 2019-2020



**REVISTA**  
**REMIUÍÑOS**

**LETRAS**  
**GALEGAS**

Ricardo  
Carvalho Calero  
1910 - 1990

**TEMPOS DE**  
**CAMBIO**

Educación presencial vs  
telemática

**OS QUE**  
**MARCHAN**


Alumnado e profesorado  
GRAZAS

**#EUQUEDONACASA**



# OS CONTIDOS

*Agradecer o traballo feito polo equipo docente e á comunidade escolar do CEIP Esteiro por facer todo o posible para que saise un novo número da nosa revista.*



EN  
**INFANTIL**


6

Traballos dos/as máis pequenos/as



EN  
**PRIMARIA**

12





AS NOSAS  
**ORLAS**

34

Este ano vai de entroido



**ANPA**

40


Igualdade, rocódromo, concursos



OS QUE  
**MARCHAN**

52


Un ata pronto!



**LETRAS  
GA  
LE  
GAS**

Ricardo  
Carvalho Calaero





# A NOSA EDITORIAL

**Equipo**  
**DE NORMALIZACIÓN E**  
**DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**



O curso que estamos a piques de rematar será lembrado polas vindeiras xeracións como aquel no que a humanidade, no seu sentido global, padeceu unha pandemia tan inesperada, que acabamos encerrados nos nosos fogares durante un tempo sen ver rematar o curso ao lado dos/as compañeiros e compañeiras.

Pero tamén é certo que antes dese período de inactividade presencial, nas aulas e corredores do noso colexio se traballou arreo en distintas accións que dan sentido a ese gran pilar da sociedade que chamamos educación. Dende as titorías, pasando polos equipos, departamentos e ANPA, demos conta de actividades relacionadas coa igualdade, coa muller na ciencia e o seu papel tan fundamental na nosa sociedade, con murais sobre diversidade, coa visita de autoras galegas, coa participación na proposta da FANPA Ferrolterra 'O Teu Xacobeo' e un sinfín de accións que sería imposible nomear sen deixar algunha atrás.

Isto demostra e pon de relevo que no ADN do noso colexio temos escrita palabras coma esforzo, traballo, responsabilidade, respecto, innovación; o que nos permite afrontar os cambios que xurdan dentro da nosa comunidade educativa, onde tódolos axentes (profesorado, familias e institucións) implicados aran no mesmo sentido. E precisamente nese momento onde a actividade presencial parou e a virtual comezou a súa andaina, toda a comunidade educativa soubo seguir adiante ante os cambios. Queremos agradecer o esforzo e a dedicación que a gran maioría mostrou ao longo destes meses participando a través das distintas canles de comunicación e seguindo coa rutina do traballo dende os vosos fogares.

Queda no noso desexo a esperanza de que vos quede un bo recordo dos momentos vividos ao longo deste curso, especialmente para os nenos e nenas de sexto de educación primaria que marchades sen recibir unha despedida, sen ir de excursión coa clase e sen dicirle adeus ao grupo de profesores e profesoras que vos acompañaron dende moi novos/as, simplemente vos podemos dicir que lembredes todos aqueles consellos que nalgún momento recibistes e lembrade que aquí no voso colexio sempre teredes alguén que vos poida axudar e guiar nese camiño tan longo que é a vida.

Gustárame rematar esta editorial dándolle as grazas a varios membros do equipo directivo; en primeiro lugar a Bea, si a nosa directora, que dende a súa casa foi quen de axudar e aconsellarme nos momentos de incertidume e dificultade, asimesmo non podo esquecerme da inestimable profesionalidade de Mercedes Garrote que tras trece anos na secretaría, colle o seu merecido descanso de tanto papeleo e 'inventario'; e grazas tamén a Lola Ramos que non dubidou en acompañarme neste ano de transición axudando en todo momento. Moitas grazas pola vosa labor e pegada no sentir deste centro, que seguirá dende as aulas, e non dubidedes que terei e teremos que recorrer á vosa experiencia en máis dunha ocasión, sabendo que nos brindaredes esa axuda.

Feliz verán a todos e todas.

*Victor Varela*  
Director

## Comunidade

### EDUCATIVA

- MARÍA PONTE PITA
- SORAYA RESTREBADA
- ANA RÍOS GRUEIRO
- MERCEDES GARROTE DÍAZ
- ALBERTO CONEJO PUMAR
- MARÍA BEGOÑA ROMERO MARTÍNEZ
- MARÍA DOLORES RAMOS SAAVEDRA
- MARÍA DOLORES RODRÍGUEZ LÓPEZ
- ROSA MARÍA RODRÍGUEZ ALCALA
- MARÍA JOSÉ GONZÁLEZ CASTRO
- IGNACIO RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ
- JORGE AGUADO AMADO
- GONZALO BECEIRO BELLAS
- JOSÉ DANIEL AGULLÓ LÓPEZ
- VÍCTOR MANUEL VARELA NEGREIRA
- GALA FERNÁNDEZ SOTO
- ESTEFANÍA PERNAS IGLESIAS
- ANA LOBEIRAS FERNÁNDEZ
- PATRICIA RIAL MOSTEIRO
- VANESA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ
- MARÍA DOLORES PAZ LÓPEZ
- CRISTINA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

- ISABEL MARTÍNEZ SÁNCHEZ
- JOSÉ ANDRÉS VARELA PENEDO
- EVA VÁZQUEZ CRIADO
- VICENTE DÍAZ CASAS
- M<sup>a</sup> JOSÉ CARTELLE LOUREIRO
- CRISTINA PRADOS RUBIO
- CRISTINA ORTIZ BELLAS
- FEDERICO FREIRE LÓPEZ
- ELENA DÍAZ BLANCO

- EVA GARCÍA
- ANA SUÁREZ LOUREDA
- ANA RODRÍGUEZ
- ELVIRA TENREIRO

- SANTIAGO SOBRINO JOSENJE


*Claustr*

*Conseiller Escolar*

*ANPA*

*Personal non docente*

*Inspector*



# AS NENAS E NENOS DE infantil

3  
ANOS

## CABAZA, cabaciña



*Este ano os nenos e nenas de infantil desenvolvemos un proxecto sobre os alimentos e un dos aspectos no que afondamos foi a súa orixe.*

*Xa no 1 trimestre achegámonos ao mundo das plantas, cultivando sementes de cabaza. No 2 trimestre, para seguir aprendendo, contamos coa colaboración de Ana (coidadora do noso cole) que é unha experta en plantas.*

Facilitounos todos os materiais necesarios: terra, sementes variadas (feixón, tomate, cabaciña e leitunga) e recipientes de iogur.



**PLANTAMOS  
SEMENTES  
CON ANA**

Despois dunha pequena explicación sobre estes alimentos, plantamos as sementes por equipos e regamos un pouquiño. Para os seguintes días fixamos un horario para regar os sementeiros seguindo os consellos de Ana. Foi unha actividade moi interesante e aprendemos un montón!



# COS/AS CHEFS

POLO NADAL, OS NENOS E NENAS DE 4 ANOS REALIZAMOS UN OBRADOIRO DE COCIÑA. PARA ELO:

-1) DECORAMOS GORROS DE COCIÑEIR@S.





# DE ESTEIRO

-2) PREPARAMOS SÁNWICHES CON FORMA DE RENO, BONECOS DE NEVE, ESTRELAS, OSIÑOS, ÁRBORES, E... ATA DE PAPÁ NOEL.



-3) E, POR ÚLTIMO... ¡¡¡¡ MERENDAR!!!!!!  
UUUUMMMMMM.



A



A GOLFIÑO LOLA ESTABA ATRAPADA  
E GABRIELA FOI DESENREDALA

B



O GOLFIÑO LOLA NO MAR BRINCABA  
CANDO ELSA PEIXES LLE BOTABA

Ch



CLARA E CHOCOLATA A LOLA  
QUEREN BUSCAR  
E CON CANTOS E BRINCOS NO MAR  
XOGAR

D



LOLA TIRA O DADO  
MENTRES CANDELA XOGA  
PATINANDO

I




LOLA E NICO COMEN NATILLAS  
CON PERICO

J



LOLA E JIMENA XOGABAN NA AREA  
XUNTO COA SÚA AMIGA JACINTA A  
BALEA

K



XAIME VAI POLA SELVA TROPICAL  
LOLA, KOALA, KIWI VAN  
POLA AUGA, POLAS E O CHAN...

L



CON AREA, CUBOS, PAS E RASTRELOS  
JULIA E LOLA CONSTRÚEN CASTELOS

P



PARA FERNANDO E LOLA  
A PRAIA É O QUE MÁIS MOLA

Q



ROQUE, RAQUEL E LOLA  
ESCOITAN O MAR  
NUNHA CARACOLA



BRAIS E LOLA  
XOGAN COA PIOLA

S



LUCÍA SURFEABA  
MENTRES AS OLAS  
LOLA SALTABA

R

Z



LOLA NO MAR, VEU ALGO BOTAR  
ERA UN PEIXE NADAR



A GOLFIÑO LOLA, GÚSTANLLE OS  
ZAPATOS  
COMO A ALBA FROZEN E OS DEBUXOS  
ANIMADOS



E

**ERIK E LOLA NAVEGAN A OLA  
CO VENTO DE COLA**

F

**JULIA E LOLA EN FERROL  
FIXERON UN BARCO DE CHAROL**

G

**OLA! SON LOLA  
O GOLFIÑO QUE MÁIS MOLA**

H

**LOLA E MATEO XOGAN NA HORTA  
DO MAR  
E HENRIE E THOMAS FAN O KANFAR**

M

**LOLA E MARÍA SON PURA SIMPATÍA  
E XUNTAS, PASÁMOLO DE  
MARAVILLA**

N

**NADANDO E BRINCANDO  
VERA E LOLA, PASAN O DÍA  
XOGANDO**

Ñ

**O GOLFIÑO LOLA E A SÚA AMIGA  
FABIOLA  
SON FEITIÑAS COMA UNHA  
CARACOLA**

O

**JAMILA E LOLA  
SURFEAN AS OLAS**

B

**RUBÉN QUERE IR CON LOLA EN TREN  
PERO CÓ CORONAVIRUS  
NON VIAXA NINGUÉN**

U

**U, U, U O MEU IRMANCEIÑO  
FAI NA ESCOLA TURURÚ**

V

**LANCELOT VIAXA CON LOLA  
ELA NON QUERE VIAXAR SOA**

W

**A DANIEL GÚSTALLE O WINDSURF  
E CHAMA A LOLA PARA COLLER  
UNHA OLA**

# CEDARIO

# PRIMEIRO DE

# primaria

## DE EXCURSIÓN POR FERROL

O pasado 13 de decembro, o grupo do 1º curso de Educación Primaria, fixemos unha saída na que visitamos o Museo Naval e, tamén, o Museo de Historia Natural da SGHN de Ferrol. Divertímonos moito e tivemos a oportunidade de aprender un montón de cousas novas.



A primeira parada foi no Museo Naval de Ferrol. Recibíronos coma se foramos un grupo de grumetes e dispuxéronse a ensinarnos as súas instalacións. Así, explicáronnos a historia de moitas das pezas que teñen alí expostas e que están relacionadas coa actividade da Armada, con Ferrol e coa historia naval e marítima de España.

Descubrimos diferentes instrumentos náuticos utilizados polos navegantes nas súas travesías, desde o escandallo ata o GPS e pareceunos increíble a cantidade de traballos diferentes que se realizan no interior dun barco.



Antes de marchar do museo, paramos para facer un descanso e merendar para repoñer forzas e poder continuar coa saída.

A seguinte parada foi no Museo de Historia Natural. Alí ensináronnos a súa exposición, que conta cunhas das coleccións máis importantes da Península Ibérica, como a de mamíferos mariños ou a de pezas de restos óseos.

Impresionounos moito a mostra de cetáceos

do Atlántico norte, que é das máis completas de Europa e unha das coleccións de cetáceos fósiles máis importantes do mundo. Puidemos ver



de cerca exemplares que teñen ata 15 millóns de anos.

Para rematar, como nos portamos xenial e estivemos moi atentos, deixáronnos sacar unha foto diante do esqueleto dun rorcual de 18 m de longo.



*Foi unha saída pola contorna estupenda porque aprendemos moito e pasámolo fenomenal!!*






## SEGUNDO DE

# primaria

Esta foi a última actividade presencial que fixemos na aula para conmemorar o 8 de marzo "Día da muller".  
Nela participamos todo o grupo. Quedounos moi ben! Veredes.

Primeiro fixemos as letras e as coloreamos.



Logo, a mestra repartiunos fotografías de mulleres galegas que destacaron ou destacan en diferentes ámbitos. A continuación, pegamos as fotos nunha cartolina e debaixo escribimos un breve texto coa aportación de cada unha delas.



# Día da Muller 8 de marzo



Para rematar a actividade, cada parella leu para toda a clase o texto da muller galega que lle tocara.



Expuxemos o noso traballo no panel do corredor de entrada á nosa clase.



# TERCEIRO DE

*Os nosos contos*

# primaria

## *O trio do Polo Norte*

Era unha vez, tres amigos: un neno, un coello e unha rata. Chamábanse Hancus, Pompón e Natacha. Hancus é un pequeno elfo coa pel de cor azul e os ollos verdes.

É moi fraco e simpático. Pompón é un pequeno coello con grandes orellas e unha cola moi “pomponosa”.

É tricolor e ten os ollos azuis. Natacha é unha grande rata de cor marrón cós ollos azuis. Ten unha cola longa e unhas orellas moi pequenas. Os tres vivían na mesma cidade, Vilamaxia.

Un día estaban xogando no parque, querían un “hula hop” e foron a unha tenda para mercalo. O que non sabían é que era máxico, e ao xogar con el, teletransportounos ao Polo Norte, onde atoparon un moucho que lles dixo: “Ola rapaces, estades no Polo Norte, e para poder ovltar a Vilamaxia teredes que superar catro retos. Fágovos entrega de dúas armas: un móbil para viaxar no tempo e un escudo máxico. Sorte!”.

O primeiro reto era loitar cun dragón. Natacha dille a Pompón: “pasa por debaixo del e tíralle da pata”. E Pompón venceuno!

O segundo reto era pasar unha muralla. Hancus lle di a Natacha: “constrúe unha escada para pasar por enriba”. E Natacha ficho unha escada altísima pola que subiron os dous.

O terceiro reto era enfrontarse a un exército de focas. Pompón díxolle a Hancus que lanzara un feitizo có escudo e os conxelase... Quedaron ríxidos!

Por último, o cuarto reto era... Saír do Polo Norte!

“E se utilizamos o móbil?” – dixo Hancus.

Natacha pulsou o botón do móbil que os mandaba ao futuro, voltaron á casa e inmediatamente dixeron entre gargalladas: “temos que devolver o hula hop!”.

E rematou o conto... e o vento levouno!

Autora: Ada





Cando os animais falaban, á casa de Patata foron as súas dúas amigas cadelas, Nube e Tula. Xogando polo xardín, Patata atopou algo raro, era un libro. Estranouse moito, pero decidiron abri-lo. De súpeto teletransportáronse a un sitio moi misterioso, era un precipicio.

Miraron cara arriba e viron lianas, e miraron cara abaixo e había lava.

“Veña, imos pasar!” – dixo Nube.

Tula e Patata asintiron asustadas.

Entón pasaron, e Tula por pouco cae, pero conseguiu pasar.

Despois, o libro levounas a un lugar onde había unha besta.

As tres tremían de medo, pero de súpeto deixaron de tremer e loitaron con ela. Gañaron, mais a besta non saíu ferida.

Tras isto, apareceron nun lugar ondea toparon un xigante que estaba a chorar. Tula preguntoulle: “Por qué choras?”

-“Porque cravei unha estela” – dixo o xigante.

-“Tranquilo, eu podo curarte!” – e Tula curouno.

“Adeus, señor xigante” – dixeron as tres amigas.

Por último, apareceron nunha casa encantada. As nosas amigas

estaban a pasalo fatal, botaban de menos as súas casas, era noite e tiñan que durmir alí. A cama non era moi cómoda, que digamos, e tiñan que aturar sustos das pantasma, os zombis, as momias e os vampiros.

En resumo, pasárono fatal. Ao espertar, despois da mala noite, atopáronse no xardín de Patata, por fin estaban na casa! Voltaran sanas e salvas.

Patata tirou o libro ao lixo, e rematou o conto... e o vento levouno!

Autora: Aroa

*A viaxe no conto*



## *O dragón aventureiro*

**Era unha vez, nun país de moi lonxe, no que os animais podían falar. Unha mañá, cando Carol, unha muller moi Valente, espreitou, alguén tocou o timbre.**

**Entón, o bebé Gugu, que vivía con Carol, asustouse. Carol abriu a porta e atopouse con Julia, unha nena moi desconfiada, e súa nai Usi. Foran porque lles entraran roubar na casa e lles roubaran toda-las xoias. Entón Carol asustouse e foi á granxa a ver se lle roubaran á súa vaca Paca... “Mamma mía”, a vaca Paca non estaba! Foi mirar detrás da casa... e alí estaba!**

**Carol foi correndo xunto a Xulia e Usi e lles dixo que a vaca Paca estaba no seu sitio, e que entre ela, Gugu e Paca axudaríanlles a atopar ós ladróns.**

**“Veña, imos!” – dixo Julia.**

**“Agarda! Precisamos armas. Veña, teño catro no faiado”. – dixo Carol.**

**Subiron ao faiado e marcharon na busca dos ladróns.**

**Chegaron a un bosque encantado e, de súpeto, apareceu un gran dragón que semella ba ser moi malo, pero era moi agradable. Entón Usi berrou: “Ao ataqueeee!”.**

**O dragón, ao ver que o atacaban, dixo: “Agardade un momento! Non quero facervos dano!”, e uniuse a elas. Levounas voando a un castelo, e alí estaban os zombis que roubaran as xoias.**

**Loitaron con eles e conseguiron encerralos nunha gaiola. Comezaron a buscar as xoias por todo o castelo, e Julia atopounas detrás dunha porta transparente.**

**“Vide! Atopeinas!” – berrou.**

**Paca viu que era unha porta máxica e Gugu berrou: “Ábrete, Sésamo!” e Usi entrou para recuperar as xoias.**

**E rematou o conto... e o vento levouno!**

**Autora: Celia**

## A guerra das épocas do Xapón

*Hai moito tempo...*

*En Tokio vivía un neno chamado Mike, con seus pais e un robot chamado Astroxlm.*

*Certo día, por accidente, Astroxlm abriu un portal e a Mike entroulle a curiosidade, polo que se lles ocorreu ir investigar. Cando entraron, coñecer a Gengiskhan, un samurái con moito orgullo.*

*Despois de 12 horas decidieron facer un portal para ir á época de Slendersteve, canda o ano 2040, mais... por accidente viaxaron á época dos perigosos e bastante carnívoros dinosauros!*


*O portal pechou, pero o habilidoso Astroxlm puido recuperar a súa fonte de enerxía e abrir un novo portal que os levase á base de Slendersteve.*

*Neste novo mundo, despois de introducir uns códigos, resolver unhas adiviñas e destruír uns xefes en lugares moi estranos, terían que loitar co mesmo Slendersteve... Ao fin, aínda con todos estes perigos, saíron vencedores.*

*Era de noite, e ás 12, Mike a Astroxlm despedíronse e voltaron á casa.*

*Colorín, colorado, este conto está rematado.*

**Autora: Mario**



Matías é un neno de oito anos ao que lle encantan as aventuras. É moi atrevido e valente.

O seu compañeiro de aventuras chámase Pedro. É moi amigo de Matías, e sempre xogan xuntos ao saír da escola.

Un día de abril, nunha mañá soleada, Matías chamou a Pedro para ir xogar ao Parque Escuro. Era o seu parque preferido, xa que fixeran un escondedoiro nun túnel.

Cando chegaron ao túnel, atoparon unha cabaza. Matías berrou: “Coidado, vainos atacar!”

Tentaron loitar coa cabaza, pero era moi forte, e eles non tiñan forzas, xa que aínda non almorzaran. Marcharon a fume de carozo ao McDonald’s para coller forzas.

Ao chegar, pediron unhas hamburguesas, pero ao saír esperáballes unha sorpresa... a cabaza!

Matías e Pedro saíron correndo cara ó túnel, onde tiñan unhas espadas de ferro. Alí pelexaron coa cabaza ata que conseguiron vencela.

A partir dese día, sempre que chegaban ao túnel... ían con moito coidado, por se aparecía outra cabaza.

E rematou o conto... e o vento levouno!

Autor: Matías

*As aventuras de Matías e Pedro*

## Os tres nenos guerreiros

**Nunha época, hai moito tempo, había tres nenos que vivían nunha granxa.**

**Certo día saíron na busca dun mago, esperando derrotalo para que non os molestase nunca máis, xa que sempre lles rompía a horta.**

**Estes nenos atoparan un libro de feitiços no monte, no cal aparecía un feitiço que lles permitía lanzar bolas de lume.**

**Marcharon á illa na procura do mago, e cando o atoparon, lanzáronlle bolas de lume. Grazas aos poderes que lles deu o libro derrotaron ao mago. Esa noite pasárona na casa de seu curmán, que vivía naquela illa.**

**Ao día seguinte, colleron o libro e marcharon na busca do dragón para derrotalo, xa que sempre lles queimaba os cultivos.**

**Atopárono por fin, lanzáronlle o feitiço das bolas de lume e lograron derrotalo... era moi forte!**

**Os tres nenos voltaron á granxa e alí viviron máis felices, xa que non os molestaban nin o mago nin o dragón.**

**Conto contado, conto rematado.**

**Autor: Oliver**

Nos tempos de Maricastaña, había dous irmáns que se chamaban Hermione e Alex. Vivían nunha casa situada nun bosque encantado, onde lles acontecían aventuras extraordinarias.

Certo día, camiñando polo bosque, atoparon unha tenda de animais. Entraron e quedaron coa boca aberta ao ver que había un koala. Mercárono, e ao saír, Alex sacou a súa varíña máxica e fixo que o koala falase.

“Ola, chámome Koali. Déstesvos conta de que tedes un castelo detrás?”

Os irmáns xiráronse e quedaron asombrados. Deseguido, camiñaron cara a el, e ao entraren, atopáronse cunha moreira de zombis.

Rapidamente, Alex sacou a súa espada máxica para loitar con eles, pero caeu ao chan. Hermione recolleu a espada e rematou a faena. Entrementes, Koali estaba asustado nun recuncho.

Saíron do castelo, pechárono cun cadeado e tiraron a chave para que ninguén puidese entrar ou saír. Estaban agotados, e foron descansar baixo a sombra dunha árbore. De súpeto, Koali dixo: “Iso é un gato?”

“Non, é un tigre!” – berraron os irmáns.

Ao instante, Hermione fixo un conxuro para que o tigre encollese como unha formiga e non lles fixese dano. Os amigos estaban moi asustados e decidiron que non podían ficar alí. Sacaron as varíñas máxicas para facer un conxuro e marchar a un lugar seguro.

De inmediato apareceron nunha praia. Os tres pensaron que, por fin, estaban nun paraíso, mais, de súpeto, escoitaron uns berros que viñan das rochas.

Achegáronse e atoparon unha serea. Hermione preguntoulle: “qué che pasa?”

A serea, chorando, contoulles que estaba nun barco con seu pai, e de súpeto, un monstro saíu da auga e berroulles: “estas augas son miñas, e como castigo, ti serás unha serea e teu pai unha rocha!”

“Para desfacer o feitiço teño que levar unha flor da cor do arco da vella que se atopa nesta illa, e choro porque con esta cola, non poderei conseguila” – dixo a serea.

-“Tranquila, axudaremosche a atopala” – dixeron os irmáns.

Hermione, Alex e Koali adentráronse na illa, e tras camiñar por unas horas, atoparon a flor nun outeiro. Koali trepou rápidamente e colleu a flor, que despois lle entregaron á serea. Esta lanzou a flor ao mare e o feitiço desapareceu.

Ela e seu pai voltaron ser humanos.

E rematou este conto, con sal e pemento.

Autora: Sabela

A aventura  
dos nenos con  
superpoderes




# CUARTO DE

## primaria

### Periodo electoral

*Campaña electoral do alumnado o estado de alarma deixounos sin o día da votación*

Preparando as nosas campañas electorais: listaxes de membros de cada partido, eleccións dos candidatos de cada partido, carteis electorais, publicidade, presentacións...



# Cartelería



SARA, ANDREA, RAÚL,  
JAVIER, SAÚL



LARA, WENGUEL, UXÍA,  
CANDELA



MIGUEL, LILA, ANDRÉ,  
LEO, DIEGO

# QUINTO DE

## primaria

### Periodo electoral

### Facendo stop-motion

O grupo este ano fixo un stop-motion relacionado coas Letras Galegas e o noso ilustre Carvalho Calero.



**CONCERTAME DE POESÍA E IMAXE**  
En galego, sen filtro

As mulleres entom usavam capa e corsé,  
e íamos à aldea em coche de cavalos,  
e a rua estaba ategada de pregons de sardinhas  
e de ingleses que vendiam Bíblias.



# Recetas durante o confinamento

## RECEITA DE BATIDO DE FRESAS (para 1 persoa)

### Ingredientes:

- 4 fresas medianas
- 1 iogur azucrado ou natural
- Un chorro de leite
- 1 culler de azucre se o precisa

### Preparación

Lavamos e cortamos as fresas. Poñémolas no vaso e batemos coa batidora.

Cando este xa batido, botamos o iogur e a leite e volvemos batir. Despois se o precisa botamos a culler de azucre.

Ben batido e con todos os ingredientes listos botámolo nun vaso e o bebemos.



## BROWNIE DE CHOCOLATE

### INGREDIENTES (6 persoas):

- 150 gr. de chocolate negro para postres.
- 200 gr. de manteiga.
- 200 gr. de azucre.
- 80 gr. de fariña.
- 4 ovos.
- Un puñado de noces.
- Auga.

### ELABORACIÓN:

Pon os ovos nunha cunca e báteos coa vara e incorpora o azucre pouco a pouco. Trocea o chocolate e a manteiga, poñelos nunha cunca e deixa que se fundan ao baño maría removendo con coidado. Unha vez fundido, engádeo á cunca dos ovos e remexe ben. Por outro lado, mestura a fariña coas noces peladas e troceadas. Engádea á mestura dos ovos. Remove ben e coloca todo nun recipiente axeitado para o forno unxido de manteiga. Enforna a 180°C durante 40 minutos. Deixa temperar para desmoldar. Se queres podes decoralo por enriba con chocolate fundido ou doces.

Pepe Lobeiras

## TORTIÑAS

Ingredientes para unhas 15 unidades:

- 200g de fariña
- 2 ovos
- 280g de leite enteira
- 30g de azucre
- 15g de manteiga fundida e enfriada
- 15g de levadura (tipo Royal)
- unha pizca de sal

### Proceso:

1. mesturar todos os ingredientes ata que non quede ningún grumo
2. botar a mestura na sartén en círculos
3. servilas nun prato.

### Suxerencias:

Pódeselle botar sirope de chocolate, fresas, arándanos, frambuesas e outras froitas, tamén se lle pode botar azucre glasé (todo isto se lle bota por riba).

# SEXTO DE

*Poesías no confinamento*

# primaria

Neste confinamento  
aniversarios se celebraron  
anécdotas na clase  
que todo o día se recordaron


Na clase virtual oxalá  
as cámaras se puideran activar  
que a si non se pode traballar!  
Quero ver aos meus amigos, xa!

Todos xuntos non estamos  
e a clase virtual non e igual  
so vin a catro persoas  
que ningunha aperta lles puiden dar

Último ano na escola  
nin despedida nin "na"  
oxalá isto pase pronto  
e unha aperta vouvos dar  
Laura Galfout Otero

*Na corentena houbo moita diversión  
ocorréronsenos ideas un montón..  
exercicio, teatro e xadrez  
e fixemos todo con sensatez.*

*Lara Prida Seoane*



*Eu levántome as oito,  
tomo un cacho de  
biscoito,  
vou lavar os dentes  
e logo espero un pouco.*

*Conecto as nove co cole,  
cos meus compañeiros  
e tamén co profe.*

*Falamos, traballamos  
e escoitamos.  
Todos xuntos nos axudamos.*

*Desexando poder bicarnos  
e abrazarnos, pero desta  
maneira tamén traballamos*

*un pouco!!  
neste tempo louco!!*

*Loa Silvar Bernal*

Querido avó e avoa  
bótvos moito de menos,  
por esta aburrida pandemia,  
outro día nos veremos.

Profesores e amigos,  
no verán nos vemos,  
cantando e xogando  
todos nos divertiremos.

Daniela Castro Iglesias

*Estou na casa confinada,  
isto non mola para nada.*

*Á rúa eu quero saír,  
non me gusta estar aquí.*

*Carmen M<sup>a</sup> García Ríu*



**Un día calquera quedamos na casa  
Angustiados e estreados e sen bicos  
apaixonados.**

**Con o tempo e moitos aplausos a fase 1 nós  
entramos.**


**Cada día menos afectados e con tempo  
e esperanza a fase 2 xa nos esperaba.**

**Praias, piscinas e quedadas pouco a pouco  
todo se arranxaba.**

**Máscara, guantes e desinfectantes  
xa poden saír á rúa...**

**E quedándonos en casa, sen abrazos nin  
bicos todo pasaba.**

**Helena Merlán Martínez**



**Por culpa do coronavirus  
en casa hai que estar,  
con mascarillas, guantes  
e precaución hai que andar.**

**Non acercarse a xente  
moi importante e,  
con dous metros de  
seguridade todos estamos  
ben.**

**Non se pode ver a familia,  
a os amigos nin a os profes,  
non se pode tocar a nada pero  
se todos xuntos traballamos,  
xuntos o matamos.**

**Quero saír, para correr pola rúa,  
quero saír para ver aos meus amigos,  
quero saír para ver a lúa,  
quero saír para parar todo isto.**

**O primeiro día chorei e chorei,  
o segundo fixen a gran compra,  
o terceiro descansei  
e o cuarto fixen un debuxo para o coroa.**

**Pasou un mes, nada mal,  
seguíamos no estado de alarma  
seguía aplaudindo pola ventá  
e buscando para o virus un arma.**

**Fai pouco se fixo a desescalada,  
por fases temos que pasar  
eu xa estou na dúas,  
a ver se chego á final!**

**Naia Filgueira Pardos**



Un día radiante y soleado,  
nos enteramos de que en China  
algo había pasado

Nos lo tomábamos a broma  
ya que nos parecía una idiotéz  
que usted señor Virus  
llegase aquí tal vez

Pero así fue llegó  
tuvimos que quedarnos en casa  
y el sol se nubló

Suspendieron las clases,  
y saltamos de alegría  
me despedí de Laura, Helena y Sofía  
pero lo que no se sabía  
era que de casa no se saldría


Los médicos luchan por salvar nuestras vidillas  
mientras, se quedan sin mascarillas

Les llevaría un bizcocho  
pero como no puedo  
en la ventana aplaudimos a las ocho

Pero no nos olvidemos  
de esos que aunque no curan ayudan

Farmacias, supermercados  
y todos nosotros que en casa estamos encerrados.  
Noa Rodríguez Lamas

# DENDE A biblioteca



Outro ano máis, e este foi ben raro, a Pescadora de Historias, xunto co equipo de dinamización da biblioteca escolar, agradecen a toda a comunidade educativa a boa acollida e a implicación en todas as actividades que se realizaron de xeito presencial.

Este curso destacaría a participación e expectación en actividades como a visita de *Paula Merlán*, *Vicente Díaz* ou *Anne Gosset*. Propuxémonos acercar ao alumnado actividades que, a través de figuras próximas, fomentaran a curiosidade e á vez o gusto pola lectura.

Puidemos coñecer e acercarnos á prolífica obra de Paula, xa que escoitamos de primeira man as súas historias adaptadas aos diferentes niveis: *Un dedo en la nariz* ou *Pequeño Botón* para Infantil, 1 e 2 de primaria e *La cometa de los sueños* para os cursos de 3 a 6 de E.P. Algúns nenos e nenas sabían de memoria as historias contadas nestes libros!!! Á vez expuxéronse na biblioteca, como novidades, todos os libros mercados da autora

que tiveron unha gran acollida pola vosa parte.

Tamén no primeiro trimestre, con motivo da conmemoración Novembro, mes da ciencia en galego tivemos moito traballo. Por primeira vez propuxemos compartir experimentos entre os diferentes niveis. Todos os nenos e nenas puideron participar activamente nesta experiencia, facer os seus propios experimentos e dalos a coñecer a outros cursos. E cremos que, a vista das fotografías desta actividade, encantoulles.

Na mesma semana tivemos a charla de Vicente Díaz, profesor da Universidade da Coruña e pai de dous alumnos do centro, convidado tamén pola Pescadora de Historias, que impartiu a todos os niveis uns obradoiros sobre a flotabilidade.

Xa no segundo trimestre, e para conmemorar o Día da Paz, moitos descubrimos a fascinante historia e biografía de Wangari Maatahi e os seus Árbores da Paz. Todos os cursos realizamos un traballo sobre diferentes



aspectos da biografía de Wangari. O

broche final deste traballo (biografía conxunta) viuse interrompido pola situación de confinamento.



En febreiro visitounos Anne Gosset, tamén profesora da

Universidade da Coruña e nai de dúas alumnas do centro, co motivo do Día da nena e da muller na ciencia. Está vez a charla foi para 5 e 6 de E.P. E quedaron convidados para

facer unha visita á universidade para coñecer



que investigacións realiza relacionadas cos movementos dos fluídos, apaixonante!

A finais do segundo trimestre as actividades presenciais víronse interrompidas bruscamente, sen tempo para rematar actividades xa

iniciadas coma as do Día de muller. Pero non vos preocupedes, retomaremos a planificación en setembro con novos folgos e ideas novas adaptadas ás diferentes situacións educativas.



Xa, por último a Pescadora de Historias quere despedir as nenas e nenos de 6 que



colaboraron como axudantes da biblioteca agradecéndolles a súa labor de colaboración no empréstito, colocación de devolucións, entrega de libros polas aulas, facendo suxestións... Un EXCELENTE traballo! Colle o relevo o alumnado de 5. Moita sorte para este alumnado de 6 na nova etapa que comezará en setembro!

MOITAS GRAZAS A TODOS!!!

# OS NÓSOS recordos

*Este ano temos menos momentos xuntos, pero gozados ao máximo.*



# SAMAIN E MAGOSTO



# Maio de 2019



# O TEU XACOBEO



# Maia

E CHOCOLATADA



# Entroido



## os maios







# dia do esporte



## ano 2019



*María Ponte Pita*

Roi, Rubén, Maías, Marcelo, Pauña, Teresa, Valentín, Clara, ANía, Lia, Gacl, Emma, Carla, Antón, Pablo, Olivia, Álvaro, Gacl, Juan, Xela, Adrián, Pablo, Noa, Telmo



*Soraya Restrebada Corral*

Daphne, Carme, Carlos, Gacl, Claudia, Vera, Teo, Yago, Vera, Greta, Martín, Diego, Iván, Quique, Lucas, Pablo, Naiara, Lucy, Elicna, Nérea, Samira, Roi, Eloy, Hugo, Gabriel



Ana Ríos Grueiro



Rubén, Matco, Nicolás, Roque, Candela, Xaime, Erik, Daniel, Gabriela, Elsa, Vera, Manuella, Julia, Alba, María, Clara, Jimena, Lancelot, Erik, Lucía, Janila, Fernando, Julia, Martín, Braís

Alberto Conejo Pumar



Diego, Matco, Matías, Lionel, Vega, Alvaro, Iván, Sergio, Pablo, Alejandro, Alejandra, Martina, Mauro, Gael, Sarah, Leo, Juan, Leo, Clara, Adriana, Bianca, José, Asier, Vera, Pepe

*María Begoña Romero Martínez*

educación **20** primaria

Rayan, Carolina, Miguel, María, Brecogán, Sara, Carmen, Lucas, Nuno, Hugo, Candela, Noa, Leandro, Alexandre, Nemesis, Emma, Candela, Yaiza, Manuella, Gabriel, Laura, Asier



*Lola Ramos Saavedra*

educación **30** primaria

Laura, Nerea, Oliver, Lois, Ada, Matías, Eloy, Celia, Irene, Andrés, Marylin, Mencía, Adán, Iago, Silvia, Pedro, Sabela, Mario, Aroa, Carolina, Anxo, Thayná, Lúa, Ana Isabel, Carlos, Iria





Saúl, Javier, André, Candela, Diego, Wengel, Raúl, Mignel, Lara, Sara, Andrea, Lila, Uxia, Rubén, Hugo, Alba, Leonardo



Yeray, Ruth, José, Sara, Nayara, Alejandro, Marcos, Ismael, Gorka, Irene, Brais, Julio, Diego, Brais, Pierina

*Gonzalo Beceiro Bellas*

Sara, Isabel, Pablo, Antón, Aroa, Julia, Helena, Dilaila, Marcos R., Marcos, Sara, África, Carla, Alexanco, Miguel, Vera, Pepe, Sergio, Lian, Andrea, Victoria, Adrián, Xoel, Sara, Antía



*Xurxo Aguado Amado*

Ana, Daniela, Sofia, Naia, Christian, Laura, Carmén, Elizabeth, Verónica, Helena, Alejandro, Ángel, Aurelio, Laura, Lara, Lois, MArtina, Noa, Sara, Andrea, Lola, Gemma, Melany, Andrea



# videoconferencia


## TELETRABALLANDO



WEBEX

Edixgal

## CEIP ESTEIRO



Teams

Whatsapp

Abalar

2019  
2020

# ACTIVIDADES DO CURSO

2019-2020



Actividades extraescolares

Organización de actividades extraescolares (Robótica, Creatividade e Cociña).



Cine

Sesión de cine en Samaín: "Coco" ¡Con palomitas e auga para todos e todas!



Concursos

Concurso de postais e o Concurso de tartas en Nadal  
Concurso de fotografía ANPA 2019 "Xogamos"



Obradoiros

Obradoiro de pintura no patio adicado á igualdade  
Obradoiros de igualdade na aula: Atalaia Social



Festas

Festa de Nadal con animación musical e a visita de Papá Noel  
Festa de Entroido con animación infantil, inchables, desfile e entrega de premios.



Teatro e Música

Pakolas en concerto.  
Nadal  
Teatro "Cores" de Lidia Pena  
Teatro "Contos de nenas grandes e pequenas" da Tropa de trapo



Mercadillos



Outros

Tradicional chocolatada con churros de decembro con nais e pais voluntarios  
Construcción dun rocódromo no pavillón por familias voluntarias





## Queridas familias:

Toca facer resumo do curso e o certo é que costa lembrar o acontecido no cole este ano; quedou todo ensombrecido polo Covid19... Pero sí, houbo case dous trimestres presenciais de vella normalidade, nos que puidemos aproveitar para organizar actividades. Esperemos que poidamos retomalas no curso que ven.

Unha das cousas máis destacables que levamos a cabo este ano (a.C.) foi a construción dun ROCÓDROMO no pavillón do patio. Na Anpa levábamnos moito tempo coa idea en mente, e por fin conseguimos os medios e o tempo para facelo, coa colaboración de nais e pais de Esteiro que desinteresadamente traballaron varias tardes e fins de semana. Rematámolo en febreiro, así que non tivo moito uso...pero é un ben que queda no cole para disfrutalo moitos anos, quedamos moi satisfeitos!

Coa subvención de IGUALDADE puxemos en marcha OBRADOIROS nas aulas que permitiron identificar estereotipos de xénero nos xogos que xa asoman nas aulas de infantil, micromachismos asimilados nos cursos máis altos, así como promover corresponsabilidade nas tarefas domésticas.

*Desde a directiva da Anpa de Esteiro animamos ás familias a opinar, debater e exixir a mellor educación posible para as nosas nenas e nenos.*

Pensamos que a coeducación en materia de respecto e igualdade entre mulleres e homes aporta un gran valor na sociedade e desde logo queda moito por facer! Estas actividades deron tan bo resultado que xa pensamos en amplialas no vindeiro curso (haberá que ver de

qué xeito, pero imos ao día...)

A pandemia do Covid'19 revelou moitas carencias no sistema educativo, e durante moitas


semanas o profesorado e as familias tivemos que improvisar e tirar para adiante como puidemos. A día de hoxe, non temos máis que incertidume de cómo vai arrincar o curso que ven, pero sexa como sexa, as familias temos que facernos oír. Agora máis que nunca temos que pelexar por unha educación pública de calidade, adaptada a situación excepcional, pero que ofrezga garantías sanitarias e igualdade de oportunidades.


Desde a directiva da Anpa de Esteiro animamos ás familias a opinar, debater e exixir a mellor educación posible para as nosas nenas e nenos. Temos moito que dicir. Falemos!

Moito ánimo!

Unha aperta,

A Xunta directiva da ANPA





Ricardo está considerado como o ideólogo do *reintegracionismo*, unha corrente lingüística que defende que o galego é unha variante do portugués e propón o uso dunha grafía baseada na normativa portuguesa.




LETRAS

# GALEGAS

*Ricardo Carvalho Calero*

*1910-1990*



**Ricardo Carvalho Calero foi crítico literario, filólogo, historiador da literatura galega, lingüista, novelista... e o primeiro catedrático de lingua e literatura galega da Universidade Compostela.**

Ricardo Calero

**1910**

**RICARDO CARVALHO NACEU NA CIDADE DE FERROL O 30 DE OUTUBRO DE 1910. ERA O PRIMOXÉNITO DE GABRIEL RICARDO E M<sup>a</sup> DOLORES, QUE TIVERON CINCO FILLOS MÁIS. A SÚA NAI APRENDEULLE A LER USANDO AS PÁXINAS DO XORNAL.**

**a escola**

**O ENSINO PRIMARIO REALIZOUNO EN FERROL, NUNHA ESCOLA DA RÚA MAGDALENA E DESPOIS NUN COLEXIO DIRIXIDO POLO ESCRITOR MANUEL COMELLAS. O BACHARELATO FÍXOO «POR LIBRE», REALIZANDO EXAMES EN VARIOS INSTITUTOS.**

**1931**

**EN 1931 REMATOU A CARREIRA DE DEREITO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, COA CUALIFICACIÓN DE SOBRESALIENTE, FACENDO OS CINCO CURSOS DA CARREIRA EN SÓ CATRO ANOS. FOI O ENCARGADO DE PRONUNCIAR O DISCURSO DE INAUGURACIÓN DO CURSO 1930-1931.**

**AO CHEGAR A SANTIAGO ENTROU A FORMAR PARTE DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, CREADO EN 1923 CO OBXECTIVO DE ESTUDAR E DIVULGAR O PATRIMONIO E A CULTURA GALEGA. NESTE GRUPO RICARDO CHEGARÍA A SER CONSELLEIRO E SECRETARIO XERAL.**

**1936**

**EN SANTIAGO REALIZOU O SERVIZO MILITAR OBRIGATORIO. UNS ANOS DESPOIS, EN 1936, PARTICIPOU NA GUERRA CIVIL CONTRA OS MILITARES GOLPISTAS E DEFENDENDO A REPÚBLICA. FOI DETIDO E CONDENADO A DOCE ANOS DE CÁRCERE, DOS QUE SÓ CUMPRIU DOUS.**

**coordinador**

**AO VOLTAR A GALIZA ENTROU A TRABALLAR NO COLEXIO FINGOI, DE LUGO, ONDE ESTIVO COMO PROFESOR E CONSELLEIRO DELEGADO DURANTE QUINCE ANOS. COORDINOU O CENTRO DE ESTUDOS FINGOI QUE PUBLICOU LIBROS EN GALEGO.**


**1965**

**ENTROU A TRABALLAR COMO PROFESOR NO INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO DE SANTIAGO EN 1965 E EN 1972 APROBOU AS OPOSICIÓN S Á CÁTEDRA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA DA UNIVERSIDADE COMPOSTELÁ CONVERTÉNDOSE NO PRIMEIRO CATEDRÁTICO DESTA ESPECIALIDADE**

**AS PITAS BAIXO A CHOIVA**

**1952**

*Non. Digades o que queirades, os galos non son agora tan fermosos como nos tempos da miña nenez. Os galos que hoxe vexo, son brancos, grises: as cristas, pequeneiras e moradas, as colas, como de*



*galiña, curtas, raquílicas. Cando eu era un cativo, outros galos nos cantaban. Eran unhas aves ergueitas, lanzais, maxestosas. Cristas vermellas que pandeaban co pesadume, feros peteiros, ollos acesos, colo tornasolado de lene e brando plumaxe, podentes ás, esporas douradas; e a cola un chafarís de lumes e de sombras, con aquelas longas penas, curvadas como caxatos, como báculos de pegureiros, de bispos orientais.*


# OS QUE mar chan...

*O noso paso polo colexio  
por sexto de Educación Primaria*


*Levo case 10 anos neste colexio.  
Pasei momentos bos, tamén malos, pero por encima de  
todo o pasei ben.  
Aprendín moito, coñecín a os  
actuais amigos, profesores...  
Brinquei cos zancos, tirei da piola,  
saltei a corda...  
É unha pena ter que despedirnos,  
pero así é.  
Botareivos de menos moito.  
Aurelio*



**BO DÍA A TODOS E TODAS  
ESTE ANO NOS TOCA A  
NOS IRNOS, SEI QUE VOS  
ESTRAÑAREI PERO SE QUE  
PODO IR AS FESTAS DO  
COLEXIO. QUERÍA DICIRLLE  
GRAZAS A TODOS OS  
PROFESORES QUE NOS  
ENSINARON TODO O QUE  
SABEMOS, XA QUE EU NON  
FUN A INFANTIL E  
ESPERO QUE NOS  
VEXAMOS PRONTO.  
CON CARIÑO.  
VERÓNICA**





Vou botar moito de menos o colexio, crecín aquí e non me gusta pensar que non volverei a estudar aquí. Pero non me queda outra e terei que irme. Vou botar de menos aos profes, aos meus compañeiros que os quero moitísimo e seguramente non volveremos a estar todos xuntos en clase outra vez. Vouvos botar moito de menos a todos! Quérovos!



*Eu quero dicir que vos vou botar moito de menos. encantoume estar todos estes anos neste colexio e con estes profes maravillosos nunca vos esquecerei e sempre vos quereirei moito a todos. un bico.*

*Laura Pernas*



*Eu cheguei ao cole en 4º de primaria, cando cheguei ao colexio me quedei coa boca aberta con todas as cousas que tiña. Eu chegaba do Valle-Ínclan sabendo bailar o peón pero sen saber facer ningún truco,*

*e aquí me saquei o máster e súper máster. Os días de festa no colexio encantábanme porque son moi divertidos, todo o cole na salón de actos. Eu tiven a sorte de presentar un festival, o de nadal, e foi moi divertido. Os profes de este cole gústanme moito porque son todos moi agradables, igual que os meus compañeiros e compañeiras. Neste cole aprendín moitas cousas dos xogos populares, o día do deporte é xenial e pola tarde é moi divertido porque sempre facemos cousas con globos de auga. A nós, tocounos o ano do `coronavirus` e probablemente non imos poder facer nada disto, pero iso agora mesmo é o que menos importa. Espero volver a estar pronto con vós!*

*Martina*

**EN 2011 ENTREI NO COLEXIO COS MEUS COMPAÑEIROS/AS. GUSTOUME MOITO O COLEXIO E A XENTE QUE ME RODEABA, SEMPRE ESTABAMOS AXUDÁNDONOS OS UNS AOS OUTROS.**

**PASARON OS ANOS, MOI MOI RÁPIDO, ATA QUE CHEGOU O MOMENTO DE MARCHAR. PERO ANTES DE MARCHAR QUERO DARVOS AS GRAZAS POR ACONSELLARME, POR DARME A EDUCACIÓN ADECUADA E NECESARIA, POR ENSINARME TANTAS COUSAS E POR SER A MIÑA FAMILIA ESTES NOVE ANOS. AÍNDA QUE MARCHE DO COLEXIO, SEMPRE IDES ESTAR NO MEU CORAZÓN, E VOUVOS VOTAR MOITO EN FALTA. PORQUE TAMÉN VOU BOTAR DE MENOS AS RISAS, OS CHOROS, OS CASTIGOS, AS SAÍDAS, AS FESTAS, ETC... PERO QUERO QUE SAIBADES QUE VOS QUERO MOITO A TODAS E TODOS, FAMILIA!!**

**LOLA**




*Eu cheguei a este colexio hai uns poucos anos, pero dende primeiro momento sentínme integrada no grupo. Grazas a todos os meus compañeiros por facerme sentir así. Grazas aos meus profesores, que a pesar de estar pouco tempo con eles ensináronme moitas cousas. Douvos as grazas a todos.*

*Un abrazo de Carmen García*

**Xa levo bastantes anos neste colexio tan marabilloso, tiven momentos marabillosos, e me dá moita pena deixalo atrás. En infantil a Ana como súper profe, e 1º e 2º de primaria moitos profes diferentes, 3º e 4º a Loli unha profe que me ensinou moitas cousas diferentes, 5º e 6º a Jorge ao principio non o coñecía moito pero me foi gustando e entendéndoo.**

**A Mercedes, Simón, e Dani como profes de música,**


**e a Victor de inglés, e a outros profes e alumnos que xa nos deixaron atrás.**



**A todos vos levarei no meu corazón, tamén ao resto do alumnado que me fixo divertirme todos os días.**

**Un bico moi grande e espero volver a vovos.**

**Lara Prida Seoane**




**ESTOU DEMASIADO ENCARIÑADA COMO PARA DEIXAR O COLEXIO, É UN PASO MOI GRANDE PARA**

**MIN. POR MIN SEGUIRÍA AQUÍ... PERO MOITOS FORON OS MOMENTOS QUE RIN, CHOREI E ME ENFADEI, COMO POR EXEMPLO CANDO XOGABAMOS TODOS XUNTOS EN INFANTIL. PERO ALGO QUE DE VERDADE ME AXUDOU MOITO FOI PODER TER TANTOS BOS AMIGOS QUE ME APOIAN, TODOS OS PROFESORES E PROFESORAS QUE ME AXUDARON CANDO TIÑA UNHA DÚBIDA: ANA RÍOS, LOLI RODRÍGUEZ, XURXO, GONZALO, VÍCTOR, DANIEL... OS VOSOS COÑECAMENTOS AMPLIÁRONME OS MEUS.**


**CREO QUE TODOS OS MOMENTOS QUE PASAMOS XUNTOS FORON OS MELLORES, INCLUSO OS ENFADOS, APRENDÍN MOITO DELES. DESPÍDOME DE VOS CUN ABRAZO DIXITAL E MOITO CARIÑO DE PARTE DE LAURA GALFOUT OTERO.**

**ATA LOGO!!! :)**



**EU NO COLEXIO  
PASEINO MOI  
BEN, DESDE  
QUE TIÑA TRES  
ANOS, GUSTOUME PORQUE ME  
TOCARON UNS PROFESORES MOI  
BOS E PORQUE O PASO MOI BEN  
XOGANDO COS MEUS AMIGO E ME  
DÁ MOITA PENA TER QUE ACABAR  
ASÍ O COLEXIO.  
LOIS**

Ola, so quería dicirvos que vos vou botar moito de menos. Sempre vos levarei no meu corazón estes nove anos vivín moitas experiencias, aventuras, amizades..., e sobre todo lévome un montón de amigos. Prométovos que irei a visitarvos e quero dar as grazas a todos os que fan que este colexio sexa único. Pensaba despedirme doutra maneira pero espero que vos vexa a todos en persoa axiña e darvos un forte abrazo



**QUÉROVOS!**

Sofía Durán Sanjosé

Levo dende os dous anos neste cole e eu creo que mellor, ademais ten os mellores mestres, non fora a este cole non me imaxino non meus compañeir@s aínda que ás veces somos coma unha familia.

Creo que nos outros coles non celebran divertidos, non e non tratan con tanto alumnos.

Eu por exemplo pasei por: Ana Ríos Jennifer, Javi, Carmen, Bea, María, Loli E non me esquezo de Víctor que ensinou interese polo Inglés que lle dou as grazas encanta falar nese idioma; e agora estou un gran director, a Gonzalo que dá a miña materia lle estou moi agradecida por coidarnos e a Mercedes, Simón e Dani.

Todos fan o seu traballo cada un cos seus pros e os seus contras, seu esforzo e pola súa paciencia que non sei como agradecerllo.

E quero que sempre recorden que nunca os vou a esquecer, e espero que eles tampouco o fagan (sei que e difícil porque teñen moitos alumnos)

E por ultimo e non menos importante **AGRADECERLLES A MIÑA EDUCACIÓN E OS MEUS COÑECIMENTOS**

Quérovos moito, biquiños e apertas, ata pronto.  
Noa Rodríguez Lamas



**Grazas a todos os profesores que me axudaron na educación e por tantos espectáculos que facedes. Vou botarvos de menos, tamén cando os profes lle chamaban a atención a algún. Agora non podemos vivilo pero xa me imaxino como sería, o importante é que espero que este colexio siga adiante e que sempre fagan os seus eventos (espectáculos, letras galegas...).  
**VOUVOS BOTAR DE MENOS!****

Alex

non pode existir outro e non me imaxino se poder coñecer a os nos enfadamos, pero

os actos así de cariño aos seus

(a miña favorita), Rodríguez e Xurxo. e fomentou o noso porque agora me segura de que vai ser

favorita, do que tamén manternos en forma, e

espectacularmente admiróos tanto polo







*Hoxe, teño que facer algo difícil, ao igual que un día me tocou presentarme por primeira vez, agora toca despedirme: para*

*min sodes a miña segunda familia dende 1 de infantil ata agora, é difícil despedirse e tamén é difícil esquecerme de vosoutros. Non sei se foi a canción que nos cantaba Ana Ríos polos corredores en infantil ou o simple feito de ser como sodes o que sacou un sorriso cada día, grazas por medrar comigo e ser parte da miña vida.*

*Helena Merlán*

**Para min foi un pracer poder vir a esta escola, paseino moi ben estes anos pero teño que dicirvos adeus.**

**Ángel**



**A MIN DAME MOITA PENA ABANDONAR O COLEXIO POR TODO O QUE PASAMOS, POR TODO O QUE NOS DIVERTIMOS, POLAS FESTAS E OS FESTIVALES..... POR TANTAS COUSAS QUE PASAMOS. DESDE QUE ERAMOS MOI PEQUENOS CHEGAMOS A INFANTIL, PASAMOS TRES ANOS MOI DIVERTIDOS. CANDO CHEGAMOS A PRIMARIA, FOI UN CAMBIO MOI CHULO, ERAN COUSAS MOI DIFERENTES, A MIN ENCANTOUME MOITO PRIMARIA. PASOUME MOI RAPIDO TODO, XA ABANDONAMOS 6º E VAMOS CARA O INSTITUTO. OS BOTAREI DE MENOS.**

**MOITOS BICOS, SARA.**





**PARA MIN ESTE  
É O MELLOR  
COLEXIO DO**

**MUNDO ENTEIRO,  
GRAZAS A TÓDOLOS MESTRES POR  
ENSINARME TANTAS COUSAS QUE  
NON COÑECÍA E POR AXUDARME  
CANDO O NECESITABA.  
NUNCA ESQUECEREI OS DÍAS  
ESPECIAIS COMA O DÍA DO  
DEPORTE OU AS CHOCOLATADAS,  
XA QUE TEÑO RECORDOS MOI  
DIVERTIDOS.  
REMATA UNHA ETAPA DA MIÑA  
VIDA MOI IMPORTANTE NESTE  
COLEXIO DO CAL SÍNTOME  
ORGULLOSA E PREPARADA PARA  
UNHA NOVA ETAPA.**

**DANIELA CASTRO**

Eu levo aquí desde que teño uns 3 anos coñezo a todos os profes ben creo ou non...que o pouco tempo que estiveren en sexto chegue para despedirme. Creo que foron uns seis meses e algo o caso é que, todos os profes que eu coñezo, me caen




xenial pero eu vouvos falar dos que me deron clase a min e aos meus compañeiros. A primeira profesora que tiven foi Ana Ríos caeme xenial e nunca esquecerei a de xogos que fixemos con ela durante toda a etapa na que estiveren en infantil. Nesta etapa tamén coñecín a Víctor e a

Gonzalo. Víctor o meu profe de inglés e Gonzalo o de Educación Física. Os dous cáenme xenial e son moi bos profesores; Gonzalo cos seus xogos nos que había que facer equipos eu creo que iso e unha das cousas que fai que o noso cole sempre estea tan unido e Víctor e os exames nos que eu nunca sacarei un dez.

En primeiro e segundo dos profes non podo falar porque tivemos moitísimos era como se cada día cambiásemos de profe pero cando cheguei a terceiro uf! tocoume a Loli Rodríguez e os que non a tivestes de profesora ou non a coñecesdes e unha profe increíble pero os que a coñedes diredes pero que dis se pon como un exame a semana ou máis..., é que a min iso me encantaba. Por que? pois porque no instituto para onde vou agora me vanme poñer millóns de deberes e exames e grazas a Loli iso vai a ser como volver con ela. Ademais se nos portabamos ben dábanos gomiñas que se desmontan e se montan. Despois de Loli tocoume con Jorge, cáeme xenial pero houbo un cambio increíble de Loli a Jorge ¿por que? pois agora vos conto. Como xa sabedes Loli poñíame moitos exames e deberes a diferenza de Jorge que me pon poucos deberes e dous exames por trimestre seguro que nos poñía máis pero a min se me fixeron como dous exames en todo quinto, logo en sexto non o notei tanto porque estábamos en corentena e non era o mesmo gustaríame ter podido estar máis tempo neste colexio porque como vos dixeran ao principio non me chegou o tempo para agradecer e para despedirme de todos vosoutros Quérovos moito! Moitas grazas e adeus.

Ana



# OS atrapa- SOÑOS

e outras cousas

Departamento de Oreintación



Aquí vos quedan algúns posts que publicaron na web dende o departamento, para que lles botedes unha ollada!!!

Ola familias!!!

A identificación, comprensión e control das emocións é un aspecto de suma importancia para o desenvolvemento xeral dos vosos fillos e fillas, máis nesta etapa que estamos a vivir. Por iso, comeramos hoxe cunha proposta na que se tratan as emocións básicas como o medo, o amor, a alegría ou a tristeza. Ademais, deixámosvos un documento con varios contos interesantes para traballalas a través da lectura e un xogo da oca sobre emocións para que vos divirtades con el.

Ola familias!!!

A fin de semana está á volta da esquiña e como sabemos que traballades moito durante a semana hoxe traemos unha proposta que engloba diversión, movemento e aprendizaxe. Esperamos que volo pasedes xeral!!!

Ola familias!!!

Que tal a ponte???

Esta semana seguimos traballando coas emocións. Hoxe abordamos unha delas: o medo, moi común nos nenos e nenas. Para traballalo cos vosos fillos e fillas adxuntamos un documento explicando a emoción e uns consellos para afrontalo. Tamén vos recomendamos unha serie de contos sobre o medo. E ademais, facémosvos unha proposta. Coñeces os atrapasóns???? Animádesvos a facer un??? Gustaríanos que nos mandáredes algunha foto dos vosos atrapasóns... podédeslla mandar os vosos titoras e titoras. Con todas elas faremos unha composición que poderedes ver na páxina do centro.

Saídos!!!



Aroa



Antia



Carolina



Elsa



Eloy



Yaiza




Iván



Laura



Pierina



Ruth



Sabela



Sara



Saúl



Silvia



Carlos



Yago



# UN ATA PRONTO!

**“ESTA SEMPRE SERÁ A VOSA CASA”**

*Grazas!*

*Dani, Vanesa,*

*Patricia, Alberto,*

*Nacho, Fany, María*

*José*

Un ano máis toca despedirse de grandes profesionais e amigos/as que fixeron posible que este curso saíse adiante a pesar das dificultades.

En primeiro lugar gustaríame agradecerlle enormemente o traballo feito a Dani, coma mestre de música que nos fixo máis levadeiros os festivais e incluso a creación dunha panxoliña de nadal que causou furor, e coma coordinador do ENDL sempre loitando en prol da lingua galega. Tamén debemos agradecer o gran esforzo feito por Alberto co grupo de 1º nesa transición de infantil a primaria, non teño dúbidas que os nenos e nenas botarante de menos. Grazas a Vanesa e Patricia, ese tándem que xunto con Fany e os outros membros de orientación fixeron posible que onde houbera dificultades, sempre había solucións e vontade de superación, e aínda que queden para o final, un merecido recoñecemento ao labor feito por Nacho e María José, que dende a aula de cuarto e a de lingua inglesa deixaron entre nós algo importante, o compañerismo.

**2019**

dous mil dezanove

**2020**

dous mil vinte

